

“Aromas de morte, aromas de vida ...”

Victor M. Caamaño Rivas



A zona litoral de Cambados, en especial, a desembocadura do Río Umia, onde se forma un esteiro que ocupa una grande superficie, chegando case ata a Illa da Toxa, conforma un ecosistema mariño de substrato areoso de óptimas condicións para o crecemento de moluscos bivalvos de gran interese e valor comercial. Está claro que con esta afirmación non descubro nada novo para todos aqueles que vivimos en Cambados. A ningún cambadés sorprende falar das bondades do banco marisqueiro do Serrido e do beneficio que supón para as mariscadoras a venta de ameixa fina, ameixa xapónica, berberecho ou longueirón que medran neste areal. E convivindo con estas especies comerciais valoradas como importante recurso económico e, ademais, coñecidas polos consumidores en xeral, existen outras que pasan maioritariamente desapercibidas pola súa carencia de valor comercial, aínda que non ecolóxico. Este é o caso dun grupo de caracois mariños ou caramuxos (gasterópodos) chamados “Nasáridos”, que conviven coas especies de moluscos comerciais

filtradores de planto, aínda que pasando inadvertidas e aproveitándose, en moitas das ocasións, do traballo das mariscadoras para a procura da súa alimentación. Este grupo de pequenas buguinas forman unha familia (“Familia *Nassaridae*”) que se caracteriza por alimentarse de prea. Así que onde haxa cadáveres e restos de animais, alí estarán eles. E por suposto, onde se remove o substrato areoso para extraer ameixas ou berberechos, quedarán involuntariamente moitos cadáveres de pequenos moluscos e miñocas (políquetos) dos cales darán boa conta as diferentes especies de caramuxos “nasáridos”. O nome da Familia dos Nasáridos procede do latín “*nassa*”. As nasas son unha arte de pesca que experimentou moi pouca variación, no seu deseño, desde que comezou a ser utilizada hai moitos séculos. Como sabemos, a súa estrutura recorda a unha gaiola cilíndrica cunha estreita entrada que impide a saída das presas unha vez penetraron no seu interior na procura do engado. As nasas usadas na antigüidade, de diferentes formas e dimensións, practicamente so se

diferencian das actuais nos materiais polos que están construídas. Actualmente son de metais, de pvc, de madeira ou de febras artificiais mentres ca nos seus inicios estaban feitas de vimbia ou de esparto, materiais facilmente biodegradables polo que moi raramente os seus restos perduraron ata a actualidade; aínda así, existen exemplares de nasas recuperados de xacementos arqueolóxicos, en bastante bo estado, e que nos permiten coñecelas con certo detalle . Algúns textos da antigüidade (Opiano de Anazarbo, no século II d. C. escribiu un poema didáctico sobre a pesca e os peixes) fan referencia á utilización de nasas para a pesca.

“El pescador entreteje una nasa de esparto de prieta trama, y dentro pone una torta de algarrobas empapadas en vino oloroso, y mezcla dentro la lágrima de Mirra (...). Una vez mezclada la sagrada savia con el resto, el pescador ancla su nasa entre las olas y, en seguida, la fragancia del lirio se difunde por el Mar y llama a los rebaños de variadas clases; y los peces atraídos por el dulce vaho, obedecen a la llamada, y en seguida la nasa está rebosante, trayendo al pescador una recompensa de espléndido botín”.

(Opiano de Anazarbo)

E nese penúltimo verso de Opiano, onde di que “...la nasa está rebosante ...” , é onde debe quedar claro que non soamente entran na nasa as especies de interese comercial atraídas polo engado senón que, ademais, penetran outras que o pescador desbotará porque carecen de valor económico ou de interese para o consumo humano.



Así, entre as especies carentes de interese comercial, no interior das nasas aparecía sempre en abundancia moitos exemplares dunha pequena buguina coñecida indistintamente como margarita, margaritiña ou corneta (as mariscadoras de Cambados tamén a coñecen como caramecha), dependendo o lugar (o seu

nome científico responde a *Nassarius reticulatus*), que podía acadar os 3 cm de lonxitude, e que era e o segue a ser, moi común nas augas pouco profundas dos fondos areosos coma os do Serrido. A abundancia delas no interior das nasas recentemente recollidas, foi a razón pola que a eses caracois mariños lles chamaron “nassas” e, na actualidade, a esta especie e a outras emparentadas con ela se lles agrupou dentro da Familia *Nassaridae* (de agora en diante, referirémonos a esta familia ou grupo de caracois como “nasáridos”).



Diciamos que *N. reticulatus* penetraba na nasa atraído polo engado, habitualmente restos dalgún peixe pero, con que calidades ou adaptacións contan estes caramuxos para alimentarse de prea? En xeral os caracois ou gasterópodos posúen diferentes órganos dos sentidos que lles permiten sentir o tacto, percibir a luz, detectar as substancias químicas que leva auga e permanecer nunha posición axeitada mantendo o equilibrio. E, concretamente, os “nasáridos” presentan un especial desenvolvemento dun órgano (“osfradio”) para detectar as substancias químicas que son transportadas pola auga. Así cando a auga contén pequenas partículas procedentes de cadáveres, estas son rapidamente detectadas polo “olfato” dos “nasáridos” que se porán en marcha na procura de alimento. Ademais, a cuncha do *Nassarius reticulatus* prolonga a base da súa abertura nunha pequena canle en forma de tubo, chamado sifón, que representa unha excelente adaptación evolutiva ao seu modo de vida. Por este sifón, a margarita, proxecta un tentáculo, a xeito de trompa de elefante en miniatura, contra a corrente de auga para tentar captar as microscópicas aromas da morte. O resultado final desta adaptación resulta perfecto, pois esta especie pode detectar prea situada a 30 metros de distancia e reptar contracorrente na súa procura. Trátase dunha

especie realmente eficaz e de gran importancia ecolóxica; uns verdadeiros eliminadores de lixo orgánico mariño. E, de feito, a margarita é unha especie que adoita ser comercializada como caracol limpiador do substrato para acuarios de auga mariña. Precisamente, cando escribía este artigo, atopei anuncios na web, de venta de exemplares de *N. reticulatus*, ofertándose a unidade a 2 euros (xa vedes!, bastante máis caros cas ameixas). Por certo, como esta buguina é tan abundante nas nosas augas, tamén resulta habitual atopar as súas cunchas ocupadas por cangrexos ermitáns.

Ademais da descrita, hai outras dúas especies de “nasáridos”, no litoral cambadés, que presentan cunchas de forma semellantes á do *N. reticulatus*, diferenciándose principalmente no seu menor tamaño e noutros pequenos detalles que se tratan de seguido.



Unha delas, *N. incrassatus* (tamén *Hinnia incrassata*), posúe unha cuncha que pode chegar a superar, lixeiramente, o centímetro de lonxitude e a canle do sifón, lixeiramente curvada, é máis curta e ten unha mancha negra e moi visible no seu interior. Non é tan abundante no litoral como *N. reticulatus* pero hai exemplares nas áreas próximas aos rochedos da Torre de San Sadurniño que, por certo, poden ser confundidos por ollos inexpertos, con pequenos exemplares de *N. reticulatus*, pero realmente trátase doutra especie emparentada.

Tamén, en zonas de áreas máis lamacentas e sempre cubertas polo mar (zona infralitoral), vive outro “parente” dos “nasáridos” de costumes alimenticias e cuncha semellante ás dúas especies anteriormente descritas; trátase do *N. pygmaeus* (*Hinnia pymaea*), ao cal se lle asignou un nome que fai referencia directa ao seu pequeno tamaño, pois non supera o centímetro de lonxitude. Trátase dunha especie menos abundante ca anterior pero tamén presente nas nosas augas.



Se a vos coma a min, polo verán, tamén vos gusta gozar, de cando en vez, de relaxantes baños nas augas salgadas da Torre e do Serrido, non se vos escapará o agradable que resultan as temperaturas destas augas; detalle que por certo, non é casual nin puntual. As augas mariñas da enseada e do esteiro do Umia mostran as temperaturas medias máis elevadas do litoral galego, un fenómeno relacionado coa pechada morfoloxía costeira e a pouca profundidade desta badía. Unhas temperaturas que, en moitas das ocasións, semellan máis propias do Mediterráneo ca das frías augas atlánticas. Unhas temperadas augas que no último medio século serviron como punto de colonización da costa galega para diversas especies de orixe mediterránea. Especies que, a cotío, chegaron ás nosas augas de xeito involuntario; en ocasións, acompañando partidas de ostras procedentes do Mediterráneo. Actualmente existen unha certa variedade de exemplos de especies que se asentaron na zona da Enseada de O Grove e no esteiro do Umia seguindo a casuística exposta, pero nesta ocasión centrarémonos exclusivamente en dúas pertencentes precisamente, por ser o tema tratado neste artigo, á familia dos “nasáridos”.



En Galiza, unha delas, soamente se atopa na lagoa das Illas Cíes (nalgunha publicación aparece co nome de “Caramuxo das Cíes”) e na Enseada de

O Grove (límite setentrional da súa distribución); actualmente é moi común nos arredores da Torre. A súa denominación científica é a de *N. pfeifferi*. Trátase dunha especie que, en Galiza, pola súa concreta distribución está considerada como “Sensible á alteración do seu hábitat” e en España, considérase de “Interese especial” (datos reflectidos na publicación “A natureza Ameazada 2004, Sección do Patrimonio Natural”; libro editado polo Consello da Cultura Galega). Este caramuxo posúe unha cuncha sólida que na súa forma xeral e tamaño (ata 1’5 cm) recorda ás anteriores pero a súa superficie é de tacto liso e non rugosa. Presenta, ademais como característica identificativa, unha coloración de tonalidade amarela escura con manchas ou liñas zizagueantes de cor castaña.



A última especie, da familia dos “nasáridos”, á que faremos referencia neste artigo é coñecida co nome científico de *Cyclope neritea*. Como notaredes, o seu nome xenérico “*Cyclope*” difire do anterior, “*Nassarius*”, aínda que tamén se refire a un preeiro pertencente á familia tratada. Aparte das diferenzas nominais, tampouco responde á característica forma dos “nasáridos”, pois esta especie ten unha cuncha moi aplanada, ao contrario cas anteriores, e totalmente diferente á maioría de especies de caracois mariños galegos, característica que a fai de doada identificación. Unha cuncha de cor crema con manchas moi escuras, na cara superior, e cuncha superficie lisa e brillante e, na cara inferior, unha abertura cun contorno que recorda á forma dun ollo (de aí o nome de *Cyclope* que, como sabedes, fai referencia a un mostro da mitoloxía grega con corpo de humano e un único ollo na metade da testa). A súa presenza nos mares galegos comeza

alá polo ano 1985, cando aparece a primeira cita científica deste pequeno e peculiar caramuxo nas nosas augas (ROLÁN, TRIGO, OTERO-SCHMITT & ROLÁN-ÁLVAREZ). Ese ano faise a primeira mención informando da presenza de cunchas baleiras, posiblemente (segundo os autores da cita), importadas xunto con partidas de ostras (*Ostrea edulis*) procedentes de Italia, concretamente do Mar Adriático. Pero será no ano 1991, cando nun traballo divulgativo (“A Enseada do Umia – O Grove”) editado en Cambados por CANDEA (Asociación de Ensinantes do Salnés), se menciona a presenza desta especie viva na Enseada de O Grove; unha presenza que moi pronto se estendeu a todo o esteiro do Umia. Valórase que por ser esta, unha especie de hábitos preeiros, *Cyclope neritea* non debería ter un gran impacto sobre as especies das nosas auga, aínda que o razoable sería agardar resultados de futuras investigacións que permitan comprobar se realmente a competencia coas especies autóctonas ten un efecto negativo para os nosos ecosistemas.



Semella que *Cyclope neritea* presenta certas vantaxes adaptativas sobre a margarita (*Nassarius reticulatus*), o preeiro máis común das nosas costas, e que a aparición, en determinados lugares, de moitas cunchas baleiras e ningún exemplar vivo de margarita, puidera ser un síntoma de alerta sobre os posibles efectos negativos da especie foránea sobre o preeiro autóctono. Considero que esta situación debe facernos recapacitar sobre o perigo da introdución de especies foráneas, moitas veces introducidas de xeito inadvertido, pero que habitualmente acaban tendo un efecto negativo sobre as especies autóctonas e polo tanto sobre os nosos ricos e biodiversos ecosistemas mariños.